

## Concello de Viveiro

**EXPEDIENTE.- 3394/2021**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D. JESÚS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, en exercicio das funcións de Alcaldía, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía, de data 23 de xuño de 2021, relativo a Convocatoria para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade, ao amparo da Resolución do 21/06/2021 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro 6 prazas de socorristas para as praias non incluídos no cadro de persoal do Concello para o ano 2021, con número de expediente: 3394/2021.

Vistas as Bases Xerais e anexo para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade.

Vistas as Bases Específicas polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade, ao amparo da Resolución do 21/06/2021 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro 6 prazas de socorristas para as praias.

Visto o resultado da selección da Oferta de Emprego do 23 de xuño de 2021 do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

Vista a base xeral 8, que sinala "(...)Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e nomeado e constituído o Tribunal, procederase por este á comprobación das instancias presentadas realizando proposta de lista provisional de admitidos e excluídos, que será aprobada pola Alcaldía. Esta Resolución dictarase no prazo máximo de 1 mes. A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión..."

### RESOLVO:

1º.- Aprobar a seguinte **lista provisional de admitidos e excluídos:**

#### A) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Proba de galego
1	MARTÍNEZ GARCÍA DEMETRIO	EXENTO
2	PERNAS PARAPAR CARLOS	EXENTO
3	RODRÍGUEZ CALVO SEKHEN	EXENTO
4	RUIZ FRA ALEJANDRO	EXENTO

## Concello de Viveiro

### B) EXCLUÍDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Motivo de exclusión	Proba de galego
1	RAMALLAL CASTRO ANTON	Non acreditar cumprir coa normativa vixente en materia de formación mínima e rexistro que se fixa para os socorristas acuáticos de Galicia. (Non cumprir co punto 3 das Bases Específicas).	NON EXENTO <i>(Pode ser obxecto de subsanación)</i>

A publicación da lista provisional abrirá un prazo de (5) cinco días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)) para que se poidan emendar as deficiencias que en cada caso se indique. A presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar no proceso selectivo sen o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases suporá a exclusión dos aspirantes tal e como se recolle na base 5, sen prexuízo da súa posible subsanación no prazo de (5) cinco días hábiles trala publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, tal e como se recolle no presente punto.

En Viveiro, á data que consta á marxe.

1º Tenente de Alcalde por delegación en funcion do decreto de data 18-06-2021

Ante mín, A secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018

Asdo. Jesús Fernández Fernández

Asdo. María Luz Balsa Rábade

***(Documento asinado dixitalmente á marxe)***

